

UNHA NOITE DE VERÁN

Despois de cear, Diego foise deitar como facía todos os días. Aquela noite de verán escoitábanse cantar as ras no río e pola fiestra aberta da habitación entraba unha cálida brisa acompañada dun aroma a herba recién cortada.

Diego pechou os ollos e a pesar de non ser capaz de quitarse da cabeza todo o vivido, tratou de durmir. Estivo varios minutos tratando de conciliar o sono pero no seu corpo non había nin un ápice de cansancio, levantouse con decisión e dirixiuse á cociña en busca dunha desas pastillas que anunciaban na tele para adormecer.

Prendeu a luz e abriu o armario, desgraciadamente non atopou o que buscaba pero en cambio atopou unha nota que, cunha horrible caligrafía decía: “*búscame na ponte a media noite*”. Nese instante suscítáronse moitas dúbidas na cabeza de Diego: para quen era esa nota?, quen a escribira?...pero por algunha razón a el o seu instinto dicíalle que fose,

Mirou o seu reloxo, quedaban uns 10 minutos para media noite, e se collía a bici nuns 5 estaría alí. Así que puxo a chaqueta, sacou a bicicleta do garaxe e púxose a pedalear a toda velocidade. A lúa brillaba con forza, polo non lle fixo falta prender a linterna.

Ao chegar á ponte non viu a ninguén, pero cando estaba por irse reparou na póla dunha árbore que estaba á beira do río: alí sentado había un home duns trinta centímetros vestido de verde, cun sombreiro vermello e unha barba branca e longa.

Cando o viu díxolle: “*supoño que ti eres Diego ...*”.